



ANEXO I SOLICITUDE

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI

DATOS ENTIDADE SOLICITANTE:	
NOME:	NIF:
REPRESENTANTE:	NIF:
ENDEREZO:	CP:
LOCALIDADE:	TFNO.:
CORREO ELECTRÓNICO:	MÓBIL:

DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN
CORREO ELECTRÓNICO:
TELÉFONO MÓBIL:

EXPOÑO:

Que coñezo as bases reguladoras da *Convocatoria de axudas mediante Incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VI*, a tal efecto:

DECLARO:

1º.-Que **REÚNO** os requisitos esixidos para concorrer á presente convocatoria e **ACEPTO** (agás no caso de non autorización expresa á consulta dos datos indicados no Anexo IV) as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola Comisión de Valoración para a tramitación do presente procedemento de acordo co disposto nas bases da convocatoria.

2º.- Que **ACEPTO** o emprego do correo electrónico e/ou teléfono móbil aportados para o envío do/s aviso/s da posta a disposición da/s notificación/s electrónica/s.

DATOS BANCARIOS*	
TITULAR DA CONTA:	NIF
BANCO:	
NÚMERO DE CONTA (24 DÍXITOS): ES	

* De non cumprimentar o cadro dos datos bancarios, achegarase certificación bancaria da titularidade da conta.

SOLICITO:

A concesión da subvención para os incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do *obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VI* de acordo co especificado nas bases reguladoras da convocatoria*.

SOLICÍTASE UNHA AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOA/S ALUMNA/S DO *OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI*, A XORNADA COMPLETA, POR UN PERÍODO MÍNIMO DE 3 MESES, EN TRABALLOS DIRECTAMENTE RELACIONADOS CO ÁMBITO DA HOSTALERÍA E COS CONTIDOS IMPARTIDOS NO OBRADOIRO, COAS CONDICIÓNES ESPECIFICADAS NESTAS BASES (1,500 € POR CONTRATO).

NÚMERO DE AXUDAS QUE SE SOLICITAN PARA CONTRATAR: _____

IMPORTE SUBVENCIÓN SOLICITADA: _____

Vigo, na data da sinatura electrónica*

*Lembre que deberá asinar electronicamente este formulario antes de achegalo a través da sede electrónica.



ANEXO I.a.
DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR COA SOLICITUDE
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO
DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI

- a) **Anexo I. Solicitud asinada electronicamente.**
- b) **Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente.**
- c) **Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.**
- d) **Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran
- e) **Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.**
- f) **Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no Anexo I – Solicitud.**
- g) **Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.**

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase mediante notificación electrónica á/ás persoa/s interesada/s para que no prazo de 10 días subsane a falla ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, arquivándose esta previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Os datos persoais facilitados neste procedemento (anexos I a V), indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o procedemento correspondente a convocatoria dos incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VI.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar na convocatoria.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.